



MODELO SILVÍCOLA	PR3
ESPECIE PRINCIPAL:	<i>Pinus radiata D. Don.</i> Aplicable a especies alternativas como <i>P. taeda</i> .
OBXECTIVO:	Madeira técnica a quenda curta.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Todos os distritos forestais.	

REXENERACIÓN	
Marco e densidade de plantación	Plantacións con planta mellorada de categoría cualificada ou controlada a 1.000 pés/ha (4 x 2,5m). Obrigatoriedade de crear/manter as franxas de uso exclusivo de frondosas autóctonas e as distancias mínimas establecidas na lexislación vixente.
Mantementos	Reposición de marras e roza total no primeiro ano. Aboado de implantación necesario. Fertilización en plantación. Poda de realce nos primeiros 5 anos podando ramas ata 1m de altura de fuste. Rozas por entrelíñas segundo necesidade nos primeiros 5 anos. Control integrado de fungos foliares e tratamentos con funxicida cando a incidencia da enfermidade o xustifique, entre os 5 e os 10 anos. Fertilización opcional con cinzas de biomasa e superfosfatos ou roca fosfórica moída ao ano 5.

TRATAMENTOS SILVÍCOLAS	
Podas	Poda baixa entre 7 e 10 anos, restrinxida aos 550 pés/ha remanentes tras primeira rarea (moi precoz), ata 2,5-3 m de altura. Tratamento de restos de poda no 50% das entrelíñas. Repaso se procede de brotes epicórmicos tras poda.
Desmestas	Evitarase a realización de desmestas mediante o aproveitamento comercial da primeira rarea con destino taboleiro, pelet ou acha de uso enerxético. En caso necesario, realizarase unha desmesta aos 7-8 anos reducindo a densidade a aproximadamente 1.000 pés/ha.
Rareas	Primeira rarea aos 8-15 anos. Semisistemática por liñas. Extracción de 450 pés/ha, diámetro medio extraído $d_e=12-14$ (segundo calidades de estación, en xeral serán altas), volume extraído $V_e=23-35 \text{ m}^3/\text{cc}/\text{ha}$ (segundo calidades). Segunda rarea aos 12-18 anos. Forte. Extracción de 250 pés/ha, $d_e > 22 \text{ cm}$ , $V_e$ de 63 a 85 $\text{m}^3/\text{cc}/\text{ha}$ (segundo calidades). Poda alta a 6 m dos mellores 100 pés/ha. Trituración de restos ou retirada para o seu aproveitamento.

CORTA FINAL DE REXENERACIÓN	
Idade de corta	A quenda de 20 anos. Elevada proporción de madeira de aserrado cánter. Posibilidade de alongar a quenda en caso de que o prezo da madeira grossa así o aconselle.
Métodos de corta	Corta a feito. Trituración de restos ou retirada para o seu aproveitamento. Produtividade media global incluídas rareas de 18 a 23 $\text{m}^3/\text{cc}/\text{ha}$ e ano, segundo calidades de estación. En corta final, obtense madeira técnica con árbores de 40 cm de diámetro, volumes medios de 1,2 a 1,4 $\text{m}^3/\text{pé}$ .

